

Son momentos en que resulta complicado **encontrar emprego**, e a parte da sociedade que máis sofre este gran problema é a **xuventude**. Algunha vez pensaches na opción do **autoemprego**? Sabías que, á parte da posibilidade de que te deas de alta como autónomo/a, tamén podes **crear unha cooperativa**? É un tipo de empresa moi especial, con características que seguro que che van gustar.

A **Dirección Xeral de Traballo e Economía Social**, coa **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado**, organiza unha xornada para dar a coñecer entre a xuventude galega **os valores cooperativos** e súas potencialidades como **forma de creación de emprego de calidade** e como saída laboral a través do autoemprego colectivo.

Pensamos nunha **xornada dinámica**, con moitas persoas con temas interesantes que tratar e coas que tamén poderás ter oportunidade de intercambiar

pareceres. Falarase das **características e vantaxes competitivas do cooperativismo e o traballo asociado**, dos pasos para poñer en marcha un proxecto cooperativo, a documentación necesaria e os incentivos dispoñibles. Verás que non é complicado crear unha cooperativa. Ademais, poderás coñecer de primeira man **algunhas experiencias cooperativas en Galicia**, promovidas principalmente por xente nova.

A xornada está dirixida a **mozos e mozas que estean a buscar un traballo**, xa que poden encontrar resposta a través da fórmula cooperativa, e especialmente a alumnos de centros de formación profesional, centros de formación ocupacional, centros de formación secundaria e centros universitarios de Galicia que estean a finalizar procesos educativos ou formativos e pretendan incorporarse ao mundo laboral.

ANÍMATE A ASISTIR. A ENTRADA É GRATUÍTA.

Prazo de inscrición: ata o 17 de novembro de 2014

Cómo inscribirte?

Chamando ao teléfono 600 516 237 ou enviando un correo electrónico ao seguinte enderezo: eventos@eusumo.coop

Máis información:

<http://www.cooperativasdeg Galicia.coop>



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
«O FSE inviste no teu futuro»



XUNTA
DE GALICIA

LUGO


19 DE NOVEMBRO DE 2014

DE 10:00 A 13:30 H

Salón de actos da Facultade de
Administración de Empresas
Avda. de Afonso X o Sabio, s/n
27002 Lugo



XUNTA
DE GALICIA



Que son as cooperativas?

«A cooperativa é unha asociación autónoma de persoas unidas voluntariamente para resolver necesidades comúns mediante unha empresa de propiedade conxunta e de xestión democrática.»

*Declaración sobre a identidade cooperativa (1995),
da Alianza Cooperativa Internacional*

Xuventude.coop

O programa **Xuventude.coop** é un conxunto de actuacións dirixidas á xuventude para o fomento do **emprendemento** e do **autoemprego cooperativo**, como saída laboral e fórmula acaída para o desenvolvemento profesional e persoal.

Por exemplo, prevé **actividades formativas** sobre emprendemento e xestión empresarial cooperativa, dota a cooperativas xuvenís de **medios materiais** para o inicio da actividade, **acompaña e asesora** as persoas emprendedoras na xestión empresarial e societaria e ofrece axudas para a **realización de estudos de viabilidade e plans de empresa**. Ademais, facilita **financiamento para o lanzamento inicial das actividades**, e **asesoramento e acompañamento** en cuestións como a **comercialización dos produtos e servizos** da cooperativa ou a **utilización eficaz das novas tecnoloxías**.

Xuventude.coop é unha iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia no marco do Plan de Emprego Xuvenil 2014-2015, e algunhas das súas actuacións forman parte das liñas estratéxicas de Galicia para o desenvolvemento da Garantía Xuvenil.

PROGRAMA

10:00 Recepción de participantes e entrega da documentación

10:15 Inauguración da xornada Apertura oficial

Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Xunta de Galicia

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia

Facultade de Administración e Dirección de Empresas, Universidade de Santiago de Compostela

10:30 «Recursos e apoios para emprender»

D. Xoán Miguel Concheiro Abal Subdirector xeral de Cooperativas e Economía Social da Xunta de Galicia

11:00 «Características e vantaxes competitivas do cooperativismo. O traballo asociado»

Rosa Álvarez Bernárdez Unión de Cooperativas de Traballo Asociado (Ugacota)

11:30 Pausa café Dinámicas de redes

12:00 «O emprendemento cooperativo no rural»

Ruth Rodríguez Ferreiros Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca)

12:30 «Posta en marcha dun proxecto cooperativo» Documentación básica. Incentivos e axudas. Réxime fiscal e tributario

Juan M. Gómez Cabo Socio e consultor de Xedega Asesores&Consultores, S. Coop. Galega

13:00 Panel de experiencias: Boas prácticas en Galicia

• Ailalelo Deseño Gráfico, S. Coop. Galega (Lugo)

Especializada en deseño gráfico, desenvolvemento web, desenvolvemento de apps e novas tecnoloxías. Trátase dun estudio de deseño multidisciplinar composto por catro persoas socias.

• Fontefría, S. Coop. Galega (Palas de Rei, Lugo)

Dedícase á explotación gandeira ecolóxica, que busca conseguir alimentos de máxima calidade respectando o medio e conservando a fertilidade do solo, sen uso de produtos químicos de síntese.

13:30 Peché da xornada